



SERVICIOS

www.cigservicios.org

A TODOS OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA SEGURIDADE PRIVADA

Como seguramente xa sabedes, e contra todo pronóstico, o pasado 8 de outubro asistimos a un novo capítulo do “culebrón” no cal se está a converter a negociación do Convénio Colectivo Estatal de Seguridade Privada. Ese día, e para o noso asombro, a UGT e a USO decidiron non aceptar a proposta de articulado da patronal e dar por rotas as negociacións do Convénio. E cando dicimos asombro, é simplemente porque custa entender como é posible romper unhas negociacións cando as partes comparten o 95% do que se está a debater, e as diferencias que os separan son case mínimas. Basta con ler a plataforma da patronal e a plataforma finalmente entregada a toda a Mesa Negociadora de UGT e USO para se dar conta disto. A única diferenza entre ambas é a proposta de IPC cruzado con garantía de revisión salarial, e a porcentaxe do Plus de Perigosidade que solicitan UGT e USO. O resto é de total acordo entre ambos.

Para maior asombro do sector, agora nos atopamos con que a culpa do absoluto fracaso das negociacións non é da UGT e da USO, senón do resto dos sindicatos presentes no sector. E así o manifestan nos seus escritos. Analizando o acontecido, desde a CIG pensamos que as cousas están bastante claras. A patronal mantén a mesma posición que ao principio da negociación, e non se moveu nada. Ofrece conxelación salarial para o ano 2009, e incrementos de mínimos vinculados a IPC para o resto dos anos. Pola parte sindical, realizouse unha proposta de 12 puntos na acta nº 6, de común acordo entre todos, e ao non obter resposta, iniciamos mobilizacións. Até aquí, supoñemos que todos dacordo. Logo disto, UGT e USO “desaparecen”, deixan de convocar mobilizacións, non consultan nada con ninguén (desde logo non con nós), e reaparecen nunha xuntanza de negociación convocada no verán, cunha nova proposta que nada ten que ver coa da acta nº 6. É esta atitude por culpa do resto dos sindicatos?. Quen rompeu a unidade de acción?. Cando e onde se consensuou a nova proposta?.

Unha vez emprendido este camiño, a UGT e a USO non lle poden botar a ninguén a culpa dos seus erros. Desde o verán, o seu discurso é claramente desmobilizador, con mensaxes mais de patróns que de sindicatos de clase: *“a situación económica é crítica, as empresas están nunha situación de crise, temos que ser responsábeis e tentar manter os postos de traballo, a resposta do sector non axuda, temos que pensar no menos malo”*. Renuncian a seguir coas mobilizacións. Aceptan a conxelación salarial para o ano 2009. Renuncian a practicamente todo o contemplado nas plataformas. Aceptan o xogo da patronal. E aínda así, non consiguen negociar o Convénio. As preguntas a facerlles son fáciles. Acaso vos dicheades de conta agora que a proposta de Convénio é inasumible até para vós mesmos?. Por qué renunciachedes a seguir mobilizando e entrachedes a negociar á baixa sen que a patronal movera un dedo na súa postura?.



SERVIZOS

www.cigservizos.org

A irresponsabilidade de UGT e USO leva ao sector a un caleixón sen saída. Que facemos agora?. Saimos a rua a reclamar?. Mobilizámonos?. Por que?. Tal vez, para conseguir un 0% de incremento para o ano 2009?. Ou por unha suba de 6 euros mes para o ano 2010?. Como se desanda o camiño percorrido, como se pode recuperar a unidade de acción cando aínda por riba lonxe de aceptar os erros da súa lamentábel estratexia culpabilizan ao resto de sindicatos e aos traballadores e traballadoras do sector da situación?. Por que a UGT e a USO renunciaron a facer de sindicatos, por que renunciaron a mobilizarse, por que renunciaron a loitar por un Convénio Digno para o sector?. Agora, a única saída que teñen visto o visto é baixar a cabeza, e aquí a uns meses asinar o que a patronal lles poña de diante, e despois falarán de responsabilidade, que é precisamente o que lles falta.

Se a UGT e a USO nos acusan de desleais, desde a CIG sentímonos responsábeis desta desleade, xa que de non ser así non lle poderíamos mirar a cara aos traballadores e traballadoras da seguridade privada. Non queremos ser cómplices das falcatruadas destes dous sindicatos, por iso que sigan a sacar panfletos insultándonos e desmerecendo o noso traballo sindical, xa que de non ser así comezaríamos a preocuparnos.

A resposta téñena os traballadores e traballadoras, e a CIG cre na capacidade de mobilización dos vixiantes. A solución do conflito pasa pola loita sindical, xa que está demostrado que esta é a única vía para a consecución de dereitos laborais. Os tempos son chegados, ou pelexamos agora ou senón encontráremos con outro convenio regresivo para os intereses dos traballadores e traballadoras, pero conveniente e xustificable para outros. Nos próximos días desde a CIG daremos a coñecer no sector as nosas propostas de mobilización.

A LOITA PARA NÓS CONTINUA

POR UN CONVENIO DIGNO NA SEGURIDADE PRIVADA